

Acordos da Comisión Permanente correspondentes á sesión ordinaria
celebrada o 22 de febreiro de 2018

1.- Nomear o membro do Tribunal de PFC do Grao en Arquitectura e do Mestrado en Arquitectura, a proposta do COAG:

- Titular: Dona Beatriz Hermida Calviño

- Suplentes: Don Manuel Carbajo Capeáns, Don Martín de Cominges Carvallo, Don Juan Seara Oro

2.- Solicitar aos representantes das áreas a remisión dunha proposta de un titular e tres suplentes para o tribunal do TFG do Grao en Estudos de Arquitectura, para proceder á súa aprobación, se procede, na vindeira reunión da Comisión Docente que terá lugar o 26 de febreiro de 2018.

3.- Modificar a data de defensa do Traballo Fin de Grao do Grao en Estudos de Arquitectura do mes de marzo (identificador F3), por mor do festivo local. Data anterior: xoves, 8 de marzo de 2018. Nova data: venres, 9 de marzo de 2018.

4.- Modificar a data de entrega da segunda oportunidade de avaliación do PFC do Grao en Arquitectura e do Mestrado en Arquitectura do curso 2017/18. Data anterior: 30 de maio de 2018. Nova data: 12 de xuño de 2018.

5.- Desestimar a única solicitude de modificación da data de defensa do Traballo Fin de Grao do Grao en Estudos de Arquitectura do mes de xuño (identificador F4) presentada por Don Pablo Celso Veiga López, por estar habilitada outra oportunidade de defensa posterior dentro do curso académico 2017/18.

6.- Valorar favorablemente a declaración de ben de interese cultural, en favor da igrexa parroquial da Santa Cruz do Incio.

7.- Apoiar a solicitude da ETS de Valencia para a protección da Villa Llansola en Alcossebre.

8.- Informar favorablemente as seguintes solicitudes de axudas para a organización de xornadas e ciclos de conferencias (ano 2018) presentadas a data de hoxe, delegando na dirección do centro os informes das solicitudes que poidan achegarse nesta convocatoria:

- Ciclo de conferencias: Proyecto + Investigación 5. Los espacios intermedios, presentada pola profesora María Carreiro Otero

- Ciclo de conferencias: Periféricos. Miradoiro cuarto, presentada pola profesora Patricia Sabín Díaz

9.- Aprobar a seguinte ponderación de materias de opción e troncais de modalidade para o Grao en Estudos de Arquitectura: Debuxo Técnico II 0.2; Deseño 0.2; Física 0.2; Fundamentos da Arte 0.2; Historia da Arte 0.2; Matemáticas II 0.2; Matemáticas Aplicadas CC.SS. 0.1; Química 0.1; Xeografía 0.1; Xeoloxía 0.1